

"CIRCO NA CASA"

UN ESPECTÁCULO DE MERE CLOWN

Un espectáculo
en prol da igualdade
que busca concienciar sobre a
importancia de colaborar nas
tarefas domésticas.

Esas pequenas cousiñas que
poden resultar pesadas
podémolas transformar en
divertidas coa simple axuda
do xogo e a imaxinación.



SINOPSE

Para este clown os roles entre homes e mulleres non están marcados.

As tarefas domésticas din que hai que repartilas e non son aburridas en absoluto, pero...

Son tan doadas como parecen?

Con moitas torpezas, humor, malabares e equilibrios con "cousas de andar por casa", seguro que este circo ten arranxo!



A COMPAÑÍA

David Merelas é MeRe Clown, un personaxe directo, descarado e extrovertido que fai da interacción directa co público a súa marca persoal. Está especializado en clown, malabares cómicos, contacontos e animacións infantís.

Nado en A Coruña no ano 1984. Comezou nas artes escénicas no ano 2012 formándose na Asociación Cultural Manicómicos de A Coruña para posteriormente continuar na escola de circo CIRCONOVE de Santiago de Compostela e cos mestres da escola francesa de clown "Hangar des Mines".

Crea o seu primeiro espectáculo no ano 2015, pero foi no 2018 cando dá un impulso e decide profesionalizarse por completo e adicarse en exclusiva ás artes escénicas creando Moc Moc Espectáculos e Animación, marca comercial dende a cal realiza labores de artista cos seus propios espectáculos, produtor de espectáculos conxuntos, distribuidor e representante de artistas de diferentes compañías e disciplinas escénicas.



DATOS XERÁIS

Título: *"Cinco na casa"*
Intérprete: *MeRe Clown*
Estilo: *Cinco e clown*



Duración: *45'*



Estrea:

Agosto 2022

A Coruña

Tipo de público:
infantil e familiar
(tódolos públicos a partir de 3 anos)




Mirada externa: **Carlos Sante**

Escenografía e vestuario: Carlos Sante e David Menelas

Diseño de son: **Xaquín Domínguez**

Vídeo e imaxes: **kinografías**

Idiomas: galego, castelán e opción adaptable a calquera idioma.





NECESIDADES TÉCNICAS

- **TIPO DE ESPAZO ESCÉNICO:** Interior ou rúa (preferiblemente interior).
 - Indispensable chan liso e duro. O público pode situarse frontalmente ou en semicírculo.
- **MEDIDAS IDEAIS DE ESCENA:**
 - 6m. Ancho x 4m. Fondo x 3,5 m. alto.
 - Adaptable a medidas máis pequenas (consultar)
- **ILUMINACIÓN:** Xeral de escena.
(Equipo para actuacións nocturnas non incluído. Poderíase proporcionar según condicións)
- **EQUIPO DE SON:** Adaptado ao tipo de espazo de actuación.
 - 1 toma canon ou jack + 1 toma minijack a pé de escenario.
(posibilidade de aportar equipo de son a compañía)
- **MONTAXE E DESMONTAXE:**
 - 2h. 30 min. / 45 min. (axustable a menos tempo según necesidades).
 - Zona habilitada de carga e descarga próxima á zona de actuación para vehículo de 6 m. de longo e 2,10 m de ancho.
 - Zona reservada para estacionamento.
- **CAMERÍN** ou lugar para cambiarse o intérprete.

CONTACTO E CONTRATACIÓN

David Merelas Figueroa



www.mocmoc.es/circonacasa
info@mocmoc.es



666 911 190

Podedes atoparme tamén en:

